

PROGRAMA DE FORMACIÓN PARA A POSTA EN MARCHA DO SERVIZO DE MEDIACIÓN ESCOLAR.

1. INTRODUCCIÓN

Actualmente nos centros educativos existe unha realidade diaria na que están presentes numerosos problemas e conflitos: entre profesorado e alumnado, entre o alumnado e o centro, e tamén de forma notoria, entre os propios alumnos/as. A solución de ditos conflitos pode ser moi complexa, e incluso pode desembocar na adopción de medidas extremas como a expulsión da parte propiciadora do problema ou xeradora do dano.

Dende fai un tempo, ante este tipo de situacións conflictivas, foron desenvolvéndose modelos de intervención nos que son as propias partes implicadas as que atopan e acordan a solución, “a súa solución” ao problema, xerando non só uns bos resultados con respecto á resolución dos conflitos, senón tamén con respecto á prevención de futuros problemas, polo que a mellora da convivencia no centro é notoria.

A decisión de implantar esta ferramenta nos primeiros cursos de secundaria, onde comezan a aparecer os primeiros conflitos; responde á necesidade de anticiparse á mesma dotando ao alumnado dunha serie de coñecementos, habilidades e competencias necesarias para encarar o conflito de forma pacífica e cooperativa.

Para facilitar a adquisición de esta nova ferramenta de resolución de conflitos, como é a mediación, resulta moi recomendable realizar unha primeira etapa de formación en habilidades previas á mediación escolar. Esta está centrada no adestramento de Competencias Sociais e Resolución de conflitos para dotar a todo o alumnado de 2º da ESO, das habilidades necesarias para a convivencia e a solución pacífica de conflitos e máis especificamente para o desenvolvemento do seu rol como Mediadores/as Escolares (aqueles seleccionados para a súa formación específica).

Esta primeira formación inclúe temas como a asertividade e a intelixencia emocional. Destaca a importancia dos factores cognitivos (crenzas, valores, formas de percibir e avaliar a realidade), emocionais e a súa importante influencia na comunicación, as relacións interpersoais e a resolución de conflitos.

Así, preparando ao alumnado neste tipo de habilidades fomentárase un axeitado funcionamento psicolóxico, académico, social e emocional, o que facilitará o enfrontamento e resolución de conflitos de forma axeitada, pacífica e dialogada. Todo isto redundará, sen lugar a dúbidas, nun clima máis positivo e na mellora da convivencia

no centro. Ademais, promovendo a competencia persoal, emocional e social do alumnado, estaremos facendo prevención de diferentes problemas como desaxustes psicolóxicos, problemas emocionais e escolares, condutas disruptivas, acoso escolar, ...

2. O PROGRAMA

O programa formativo consta das seguintes actuacións:

1. Formación en Competencias Sociais e Resolución de Conflictos para as aulas de 2º da ESO.
2. Formación en Mediación Escolar para alumnado seleccionado como Alumnado Mediador.
3. Formación e información para Profesorado sobre a Mediación e o Servizo de Mediación Escolar.
4. Información para as Familias do centro sobre o Servizo de Mediación Escolar.

a. Obxectivos:

- Fomentar un clima socio-afectivo entre as persoas que participen na mediación de tal modo que poidan experimentar unha vivencia de encontro interpersoal enriquecedor.
- Aumentar o desenvolvemento de actitudes cooperativas no tratamento dos conflitos ao buscar xuntos solucións satisfactorias para ambos.
- Contribuír a desenvolver a capacidade de diálogo e á mellora das habilidades comunicativas, sobre todo a escoita activa.
- Contribuír a mellorar as relacións interpersoais.
- Favorecer a autorregulación a través da busca de solucións autónomas e negociadas.
- Axudar á resolución de disputas de forma máis rápida e menos custosa.
- Reducir o número de sancións e expulsións.
- Mellorar o clima de convivencia no centro educativo.

b. Contidos:

1. Para a formación de todo o alumnado de 2º da ESO en Competencias sociais e Resolución de Conflictos.

- Tipos de Comportamento. O comportamento Asertivo.
- Recoñecemento de Sentimentos nun mesmo/a.
- Recoñecemento de Sentimentos nos demais.
- Dar unha Negativa.
- Dar e recibir Queixas.
- Dar e recibir Opinións Positivas.
- O Conflito.
- Que é a Mediación e o Rol do Mediador/a.

2. Para a formación do alumnado mediador:

- O rol e funcións da figura do mediador/a.
- Comunicación aberta
- escoita activa.
- Comunicación asertiva ou efectiva.
- Empatía.
- Proceso de mediación
- Características dos procesos de mediación.
- Etapas da mediación: Pre-mediación.
- Presentación e regras do xogo. "Cóntame".
- Aclarando o problema. Propoñer solucións.
- Chegar a un acordo. Seguimento do acordo.
- Casos prácticos de mediación.

3. Para o profesorado:

- Sesión de sensibilización.
- Formación conxunta co alumnado. Para a axeitada implementación da mediación no centro é imprescindible a implicación de polo menos 2 profesores (ideal que estea algún membro do equipo de Orientación) que actuarán como coordinadores/as deste servizo.

4. Para as familias:

- Charla informativa sobre que é a mediación e as vantaxes da súa implementación no centro.

b. Metodoloxía

- As sesións desenvolveranse de forma práctica. Para a aprendizaxe das técnicas de comunicación e resolución de conflitos empregaranse un conxunto de técnicas, como son o modelado, xogo de roles, remuíño de ideas, discusión dirixida, actividades de expresión, de lapis e papel, dinámicas de grupo, etc... que axudan a que os/as participantes (tanto alumnos/as como profesorado) consiga, non só uns coñecementos teóricos, senón que poña en xogo unha serie de recursos prácticos útiles e necesarios para a mediación en conflitos.
- As sesións son desenvolvidas seguindo unha metodoloxía fundamentalmente participativa, na que os/as asistentes son os/as protagonistas da súa aprendizaxe.
- Poténciase o desenvolvemento de habilidades de intercambio de opinións e de interacción de grupo como factor de aprendizaxe.

c. Temporalización

Os obradoiros desenvolveranse en diferentes etapas, quedando da seguinte forma:

- Todo o Alumnado de 2º ESO e 5º EP: OBRADOIRO DE FORMACIÓN EN COMPETENCIAS SOCIAIS E RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS. Esta primeira etapa de formación en habilidades previas á mediación escolar, está centrada no adestramento de Competencias Sociais e Resolución de conflitos para dotar a todo o alumnado das habilidades necesarias para a convivencia e a solución pacífica de conflitos, e de todas aquelas habilidades que fomenten a boa resolución dos

problemas de forma dialogada. As sesións formativas terán unha periodicidade semanal e 1 hora de duración, con un total de 8 horas.

- Todo o Profesorado (SENSIBILIZACIÓN): Recibirán información sobre a mediación, características e calidades necesarias para ser un bo mediador/a e aspectos a ter en conta para poder coordinar e implantar o Servizo de Mediación. Esta formación constará de 1 sesión de 2 horas de duración. Unha vez realizada dita formación, pediranse profesores/as voluntarios para realizar a formación en mediación escolar e formar parte así da Coordinación do Servizo de Mediación que se implantará no centro educativo.
- As Familias (SENSIBILIZACIÓN): Igual que no caso do profesorado recibirán información sobre a mediación, características e calidades necesarias para ser un bo mediador/a así como do funcionamento do Servizo de Mediación Escolar. Esta formación constará de 1 sesión de 1 hora e media de duración, na que se aproveitará para contestar a todas as dúbidas e temores que poden xurdir nos pais e nais en relación á figura do mediador/a.
- FORMACIÓN ESPECÍFICA SOBRE A MEDIACIÓN ESCOLAR. Dirixido ao alumnado de 2º da ESO, interesado-seleccionado para ser futuros mediadores/as. As sesións serán de carácter semanal e de 3 horas lectivas de duración cada unha (recomendable fóra do horario escolar)
- Profesorado voluntario coordinador (FORMACIÓN EN MEDIACIÓN ESCOLAR): Recibirán a formación de forma conxunta co alumnado mediador. Ademais os profesores/as implicados no proxecto se encargarán de preparar e comezar a coordinar o Servizo de Mediación para a súa posterior implantación no centro.

3. AVALIACIÓN

Para avaliar o programa, a formadora pasará aos/ás participantes un cuestionario cuantitativo e cualitativo de actitudes, habilidades e coñecementos sobre mediación e resolución de conflitos, despois de que cada grupo realice a formación.

Ademais, realízase unha avaliación cualitativa, na que a formadora terá en conta o sucedido en cada sesión, o desenvolvemento dos contidos e a participación dos/as asistentes. Levarase a cabo unha recollida sistemática das intervencións co fin de valorar o proceso de aplicación e observar como o programa se vai adaptando ás necesidades específicas do alumnado: participación, actitudes, motivación...

Ao finalizar cada obradoiro, elaboraremos un informe para o centro educativo no que se verán reflectidas as conclusións máis salientables de cada intervención levada a cabo.